

[MVAG/MCVR]

Na sala de comisións “Concepción Arenal” do pazo Parlamento de Galicia reúnese a **Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**, o día **28 de xuño de 2024**, ás **10:30 horas**, logo da convocatoria remitida para o efecto.

Asisten as persoas que se relacionan a seguir:

Mesa:

Cristina Sanz Arias

(Presidenta)

María Deza Martínez

(Vicepresidenta)

Noa Olalla Presas Bergantiños

(en substitución de Ramón Tomás Fernández Alfonso)

(Secretaria en funcións)

Vogais:

Grupo Parlamentario Popular de Galicia (P):

María Encarnación Amigo Díaz

Rubén Lorenzo Gómez

Paula Mouzo Mas

(en substitución de Miguel Fidalgo Iglesias)

María Felisa Rodríguez Carrera

Ángel Rodríguez Conde

Borja Vereza Fraiz

Miguel Ángel Viso Diéguez

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego (BNG):

José Manuel Golpe Acuña

Carmela González Iglesias

José Daniel Pérez López

Brais Ruanova Vilas-Boas

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia (S):

Patricia Iglesias Rey

Lara Méndez López

Grupo Parlamentario Mixto (M):

Armando Ojea Bouzo

Comparecentes:

Director xeral de Planificación Enerxética e Minas

Letrada:

María Vicenta Aneiro González



A señora presidenta abre a sesión e rógalle á señora secretaria en funcións que lle dea lectura á relación de membros titulares da Comisión para os efectos de comprobar a existencia de quórum de constitución.

Logo da constatación deste, a Presidencia dá conta da entrada no Rexistro do doc. núm. 6202, no G.P. do Bloque Nacionalista Galego, solicita o aprazamento da proposición non de lei doc. núm. 5139 (2.1). Aprazamento que se acepta por asentimento.

- 2.1 5130 (12/PNC-000622)
 Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
 Fernández Alfonso, Ramón Tomás e 2 máis
 Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central co fin de que se incorpore ao consello de administración de Navantia e de que leve a cabo determinadas actuacións referidas á adxudicación da carga de traballo, ás infraestruturas e á política de compras e subcontratacións
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 34f1, do 05.06.2024

Así mesmo, dá conta da entrada no Rexistro do Parlamento do doc. núm. 6398, no que o G. P. Popular de Galicia, comunica a retirada da proposición non de lei da súa autoría doc. núm. 5412 (2.2).

- 2.2 5412 (12/PNC-000653)
 Grupo Parlamentario Popular de Galicia
 Sanz Arias, Cristina e 7 máis
 Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central en relación coa entrada en vigor do real decreto que amplía os requisitos de seguridade dos ascensores
Publicación iniciativa carácter urxencia, BOPG n.º 37f1, do 12.06.2024

-A señora secretaria en funcións abandona o seu posto na Mesa da Comisión e pasa a ocupar un escano co seu grupo parlamentario, de acordo co establecido no artigo 82 do Regulamento do Parlamento-.

Punto 1. Pregunta

- 1.1 5721 (12/POC-000805)
 Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
 Iglesias Rey, Patricia e 2 máis
 Sobre a situación en que se atopa a explotación da mina de Penouta e a elaboración dun plan mineiro para Galicia con criterios ambientais e tendo en conta a ampliación da Rede Natura 2000
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 40f2, do 19.06.2024

A Presidencia concédelle a palabra á **señora Iglesias Rey (S)**, que pasa a expoñer as razóns nas que se basean as cuestións que figuran na súa iniciativa e que aparecen publicadas no BOPG anteriormente citado.

Para a súa resposta intervén por parte da Xunta de Galicia o **señor director xeral de Planificación Enerxética e Minas (Consellería de Economía e Industria) Pablo Fernández Vila**.

Na rolda de réplica a **señora Iglesias Rey (S)**, manifesta diversas consideracións discrepantes coa información aportada polo señor director xeral e reitérase nalgunhas das cuestións xa expostas.

Péchase o debate desta pregunta cunha nova intervención do **señor director xeral de Planificación Enerxética e Minas, Pablo Fernández Vila**, que reitera e amplía o manifestado na súa intervención inmediatamente anterior.

A Presidencia agradece a presenza do señor Fernández Vila nesta sesión da Comisión e desculpa a súa ausencia da mesma, dado que non ten máis preguntas ás que teña que dar resposta.

Punto 2. Proposicións non de lei

2.3 5725 (12/PNC-000686)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Golpe Acuña, José Manuel e 3 máis
Sobre as accións que o Goberno galego debe levar adiante en relación
co parque eólico Barqueiro, nos concellos de Viveiro, O Vicedo,
Mañón, Ortigueira, Cerdido, Moeche, As Somozas e As Pontes
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 40f1, do 19.06.2024

A Presidencia comunica que a esta proposición non de lei o G.P. dos Socialista de Galicia presentou unha emenda de modificación (documento número 6401), da que obvia a súa lectura dado que se remitiu aos membros da comisión.

Deseguido concédelle a palabra ao **señor Golpe Acuña (BNG)**, que procede á formulación e defensa desta iniciativa de impulso con ampliación das argumentacións que dela se fan por escrito e que aparecen publicadas no BOPG que anteriormente se cita.

Na rolda do grupo parlamentario emendante intervén a **señora Iglesias Rey (S)**, para explica o sentido da súa emenda, logo de amosar diversos desacordos coa intervención do señor propoñente.

Na rolda de grupos parlamentarios non emendantes o **señor Lorenzo Gómez (P)** -o **señor Ojea Bouzo (M)**, *renuncia a facer uso da mesma*- tras matizar algunhas das argumentacións expostas polo señor propoñente, xustifica o rexeitamento da iniciativa por parte do seu grupo parlamentario.

Na rolda de puntualizacións e posicionamento sobre a emenda presentada, o **señor Golpe Acuña (BNG)**, tras incidir na importancia da iniciativa, critica a intervención do voceiro do grupo maioritario e explica as razóns polas que non acepta a emenda do G.P. dos Socialistas de Galicia.

Rematado o debate, a Presidencia procede á votación da proposición non de lei:

2.3 5725 (12/PNC-000686), do G.P. do Bloque Nacionalista Galego. Sometido a votación o texto resolutivo orixinal resulta **rexeitado** por:

Votos a favor:..... **5** (G.P.BNG)

Votos en contra: **9** (G.P. P)

Abstencións: **3** (GG.PP S+M)

Non habendo máis asuntos que tratar, a Presidencia agradece a todos o seu traballo e levanta a sesión.

Remata a sesión ás 11:30 horas.

**Cristina
Sanz
Arias**

Firmado digitalmente
por Cristina Sanz Arias
Nombre de
reconocimiento (DN):
cn=Cristina Sanz Arias,
email=cristina.sanz.arias
@parlamentodegalicia.es
Fecha: 2024.10.01
12:16:15 +02'00'

V. e pr.

**Cristina Sanz Arias
Presidenta da Comisión**

**Noa Presas
Bergantiños**

**Noa Olalla Presas Bergantiños
Secretaria en funcións da Comisión**

Firmado digitalmente
por Noa Presas
Bergantiños

Fecha: 2024.10.01
11:35:52 +02'00'